

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 20-11-2023, ditou a resolución con número 3232/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección do persoal directivo e mestre da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria) do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA II".

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3145/2023 de 13 de novembro de 2023 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II".

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira parágrafo 3.1, é de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Segundo.- Publicouse o anuncio da convocatoria no BOP núm. 217 de 14/11/2023.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado nas Bases 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección do **persoal directivo e mestre da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria)** do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II", relacionados nos anexos: **Anexo I** (Director/a) e **Anexo II** (Mestre da especialidade de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Rama sanitaria).

Segundo.- Designar a comisión de avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria, que estará composta polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: Dª. **Carmen Del Río Rodríguez**, técnica de administración do concello de Carballo.
Suplente: D. **Carlos Collazo Martínez**, técnico superior de administración especial do concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: D. **Juan José Lorenzo Pose**, xefe de area de formación e emprego do concello de Carballo.
Suplente 1º: D. **María Alvarez Suarez**, xefa do servizo de xestión económica e contable do concello de Carballo.
- Titular 2º: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, técnica de administración xeral do concello de Carballo.
Suplente 2º: D **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, xefe de servizo de habilitación e recadación.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000030
Exp. 2023/G003/003469

- Titular 3º: D. **Jesús Gende Gerpe**, aparellador do concello de Carballo.
- Suplente 3º: Dª. **Lorena Castrillón Manso**, enxeñeira técnica do concello de Carballo.

Secretaria/o:

- Titular 3º: D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.
- Suplente 3º: Dª **Mª Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Segundo.- Nomear como asesora do tribunal que actuará con voz e sen voto, a Dª. **Milagros Antelo Cameán**, técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

Terceiro.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 21 de novembro de 2023 as 9:00 h.** no **Salón de Plenos** do concello de Carballo.

Publicar a listaxe dos/as candidatos/as coas puntuación outorgadas polo tribunal no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal), con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org, así como, no taboleiro da oficina de emprego de Carballo e no 2º andar do Edificio Forum Carballo.

Cuarto.- Convocar as persoas inscritas no proceso de selección, así como, a tódolos membros da comisión de avaliación para a realización da **fase de oposición** establecida na Base 6ª.3 que se celebrará o **martes 21 de novembro de 2023 as 11:30 h.** no **Salón de Plenos** do concello de Carballo.

Quinto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal), con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org, así como no taboleiro da oficina de emprego de Carballo e no 2º andar do Edificio Forum Carballo.

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección do persoal directivo do Obradoiro dual de emprego "Carballo COIDA II".

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	GONZALEZ CASTRO	ESTHER	***7085**
2	MORAL PIÑEIRO	MARIA EUGENIA	***9911**
3	VAZQUEZ ALONSO	PATRICIA	***7354**

ANEXO II.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección do/a mestre/a da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (rama sanitaria) do Obradoiro dual de emprego "Carballo COIDA II"

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CANLE VARELA	PATRICIA MARIA	***3611**
2	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto